

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de  
Estatística do día 20 de maio de 2011

## 25502 Indicadores de xénero

### INDICADORES

#### Obxectivo

O obxectivo da operación estatística é elaborar un conxunto de indicadores que proporcione unha visión xeral da situación das mulleres e dos homes en Galicia, a súa evolución ao longo do tempo e as diferenzas entre xéneros en diferentes ámbitos como o mercado de traballo, a conciliación da vida familiar e laboral, a inclusión social, a educación e a presenza na toma de decisións.

#### Normativa. Xustificación

A igualdade entre homes e mulleres é un dereito fundamental, tal e como se recolle na Constitución Española que, no seu artigo 9.2, di que *“Corresponde a los poderes públicos promover las condiciones para que la libertad y la igualdad del individuo y de los grupos en que se integra sean reales y efectivas; remover los obstáculos que impidan o dificulten su plenitud y facilitar la participación de todos los ciudadanos en la vida política, económica, cultural y social”*.

As estatísticas e indicadores sobre a situación das mulleres e dos homes son necesarias para formular e supervisar políticas e plans, para controlar os cambios e para informar ao público.

A información estatística sobre a situación das mulleres e dos homes en todas as esferas da sociedade é unha ferramenta importante para promover a igualdade e para o seguimento dos procesos cara á plena igualdade; e pode axudar a eliminar os estereotipos de xénero, proporcionando datos sobre a situación real das mulleres e os homes.

En España, existe un feito fundamental para a integración da perspectiva de xénero nas estatísticas oficiais, a aprobación da *“Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres”* (BOE 23/03/2007) que, no seu artigo 20, desenvolve a lexislación sobre adecuación das estatísticas e estudos.

No contexto galego, a *Lei galega para a igualdade de mulleres e homes*<sup>1</sup>, di na súa Disposición adicional primeira: *“Coa finalidade de facilitar a aplicación do principio de transversalidade establecido nos artigos 6 a 8 desta lei, a totalidade das estatísticas e investigacións con eventual repercusión en cuestións de xénero realizadas pola Comunidade Autónoma de Galicia desagregará os datos en atención ao sexo e en atención ás circunstancias vinculadas ao xénero, como a asunción de cargas parentais e familiares”*.

---

<sup>1</sup> Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG núm. 149, 3 de agosto de 2004).

Este precepto legislativo desenvolveuse por primeira vez a través do vixente Plan galego de estatística (PGE) 2007-2011. Na Lei do Plan reflíctese de forma explícita a necesidade de incluír a perspectiva de xénero nas estatísticas da Comunidade Autónoma de Galicia. No *artigo 7 I* do PGE, que delimita os obxectivos informativos, di que as estatísticas da Comunidade Autónoma de Galicia deben “*avanzar ata a consideración de xénero como unha parte integrante da actividade estatística. Neste senso, as operacións nas que se contemplan datos sobre persoas deberán de recollese e difundirse por sexo*”<sup>2</sup>.

A operación estatística indicadores de xénero enmárcase no contexto das leis anteriores e trata de dar resposta ás esixencias de información recollidas nas ditas leis.

### **Determinación dos indicadores**

Para establecer os grandes temas nos que se estruturan os indicadores (e os ámbitos da sociedade nos que se estudará a diferenza entre xéneros) empregouse como referencia o *The World's Women 2010: Trends and Statistics* de Nacións Unidas.

Esta publicación, a quinta da serie que Nacións Unidas publica cada cinco anos, como se solicitou na Plataforma de Acción de Beijing adoptada na Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller en 1995, ocúpase de aspectos críticos da vida como son: a poboación e as familias, saúde, educación, traballo, poder e toma de decisións, violencia de xénero, medio ambiente e pobreza. No caso destes indicadores déixase fóra, polo de agora, o apartado de medio ambiente por non ter información salientable e comparable por xénero para Galicia.

O criterio xeral empregado para a determinación dos indicadores de xénero foi a comparabilidade a nivel nacional e europeo, co fin de poder coñecer a situación dos homes e das mulleres en Galicia e comparala co seu entorno. Para isto buscouse empregar, na medida do posible, as mesmas definicións, clasificacións e fontes que indicadores xa feitos por Eurostat.

Dado o carácter xeral dalgunha das áreas que se pretende estudar nesta operación estatística (poboación e familias, saúde, traballo,...) o punto de partida para analizar e seleccionar os indicadores a empregar foron os indicadores estruturais<sup>3</sup> de Eurostat que cobren os seguintes

---

<sup>2</sup> Lei 16/2006, do 27 de decembro, do Plan galego de estatística 2007-2011 (DOG num.6, 9 de xaneiro de 2007).

<sup>3</sup> Os indicadores estruturais de Eurostat definíronse para seguir o progreso realizado en catro obxectivos básicos:

- O investimento en coñecemento e innovación
- Liberar o potencial de negocio
- Investir nas persoas e modernizar os mercados laborais

seis ámbitos: Situación económica xeral, Emprego, Innovación e investigación, Reforma económica, Cohesión social e Medio ambiente. Este conxunto comprende actualmente 79 indicadores, pero esta lista non se mantén estable senón que se poden agregar a ela novos indicadores (<http://ec.europa.eu/eurostat/structuralindicators>).

Estes indicadores resultaron axeitados para os capítulos de educación, traballo e pobreza e neste senso, incluíronse todos aqueles indicadores estruturais onde a distribución por xénero está incluída na definición do indicador e que ademais se poden calcular para Galicia. Procedeuse do mesmo xeito para os indicadores de seguimento dos obxectivos da estratexia Europa 2020.<sup>4</sup>

Para cubrir os aspectos máis específicos ligados á perspectiva de xénero revisáronse documentos da política da UE, como a estratexia para a igualdade entre homes e mulleres (2010-2015), a Carta da Muller 2010 ou o Plan de Traballo para a igualdade entre mulleres e homes (2006-2010) e adoptouse como punto de partida o conxunto de indicadores seleccionados e publicados por Eurostat no apartado de igualdade de xénero. Este conxunto de indicadores amosa a situación de homes e mulleres na Unión Europea en determinados ámbitos como a educación, mercado laboral, os ingresos e a inclusión social, coidado de nenos e a saúde. Axuda a avaliar onde estamos en termos de igualdade de xénero, que é un obxectivo fundamental da UE.

En marzo de 2006 estableceuse o Plan de Traballo para a igualdade entre mulleres e homes 2006-2010 (COM(2006)92), no que se destacaban seis áreas prioritarias de actuación da UE a prol da igualdade de xénero: a mesma independencia económica para as mulleres e os homes, a conciliación da vida privada e a actividade profesional, a mesma representación na toma de decisións, a erradicación de todas as formas de violencia de xénero, a eliminación dos

---

– Cambio climático e enerxía

Estes obxectivos especificáronse na renovada Estratexia de Lisboa de 2006, actualización do obxectivo orixinalmente establecido no Consejo Europeo de Lisboa no ano 2000 -UE converteríase na economía máis competitiva e dinámica baseada no coñecemento do mundo, capaz de crecer economicamente de maneira sostible con máis e mellores empregos e maior cohesión social-.

<sup>4</sup> Europa 2020, é unha estratexia para o emprego e o *crecemento intelixente, sostible e incluínte*; basease en cinco obxectivos da UE que se miden actualmente por oito indicadores principais. Ao igual que no caso da Estratexia de Lisboa, Eurostat desempeña un papel importante como provedor das estatísticas oficiais da UE. Este apoio estatístico basearase nun conxunto de indicadores estruturais para o seguimento dos progresos realizados na consecución dos obxectivos da estratexia.

estereotipos sexistas e a promoción da igualdade de xénero en política exterior e desenvolvemento<sup>5</sup>.

Como xa se adiantou, acompañando a dito plan, incluíase un anexo cunha listaxe de indicadores para seguir o progreso realizado cara a igualdade de xénero nas diferentes áreas identificadas no plan de traballo. Algúns destes indicadores xa se elaboraban para monitorizar outras políticas europeas e, no caso concreto desta operación estatística, xa se tiñan seleccionados (como é o caso das taxas de paro e emprego) por pertencer á lista de indicadores estruturais de Eurostat, ou por considerarse pertinentes para o estudo do xénero en Galicia.

Polo que respecta aos indicadores seleccionados no tema de Poboación e familias, aínda que non forman parte dos indicadores seleccionados por Eurostat no apartado de igualdade de xénero, considerouse necesario incluílos porque axudan a contextualizar a situación dos homes e das mulleres en Galicia. Non obstante, na construción e selección destes indicadores tratouse de que fosen comparables, na medida do posible, cos indicadores demográficos elaborados polo Instituto Nacional de Estadística (INE) e por Eurostat.

Na selección dos indicadores relativos aos temas de Poder e toma de decisións e Violencia de xénero, os criterios empregados diverxen algo dos utilizados na selección dos restantes indicadores, debido fundamentalmente á limitación na dispoñibilidade de fontes comparables. En ambos os dous casos optouse por publicar unha pequena selección de indicadores nos que alomenos, estivese garantida a comparabilidade a nivel nacional.

Así pois, a lista final de indicadores seleccionados foi o resultado de conciliar varias orixes de indicadores coa existencia de fontes para Galicia. Na definición dos indicadores, farase notar

---

<sup>5</sup> Máis recentemente, o 21 de setembro de 2010 aprobouse a Estratexia para a igualdade entre homes e mulleres 2010-2015 (COM(2010)491) que se basea na experiencia do Plan de traballo para a igualdade entre mulleres e homes 2006-2010. Esta estratexia detalla accións acordadas ás cinco áreas prioritarias definidas na Carta da Muller -adoptada pola Comisión COM(2010)78) na que se renova o seu compromiso pola igualdade entre os sexos e a consolidación da perspectiva de xénero en todas as súas políticas- ademais dun capítulo de cuestións transversais:

- Igual independencia económica para homes e mulleres
- Salario igual a traballo igual e traballo de igual valor
- Igualdade na toma de decisións
- Dignidade, integridade e eliminación da violencia de xénero
- Igualdade na acción exterior
- Cuestións horizontais (roles de xénero, lexislación e ferramentas de goberno)

A falta de ter unha colección de indicadores asociados ao seguimento desta estratexia emprégase a listaxe incluída no Plan de traballo anterior.

se o indicador pertence aos indicadores estruturais e/ou aos asociados á estratexia Europa 2020.

### **Clasificacións empregadas**

#### **Clasificación do nivel de estudos alcanzado**

Co fin de adaptarse á metodoloxía estatística definida no marco da comparabilidade internacional, empréganse os niveis de educación establecidos na CINE97 (Clasificación Internacional Normalizada de la Educación, revisada en 1997).

Os niveis da CINE son:

CINE 0: Ensinanza preprimaria

CINE 1: Ensinanza primaria ou primeira etapa da educación básica

CINE 2: Primeira etapa de ensinanza secundaria ou segunda etapa de educación básica

CINE 3: Segunda etapa de ensinanza secundaria

CINE 4: Ensinanza postsecundaria, non superior

CINE 5: Primeiro ciclo da educación superior (non conduce de forma directa a unha cualificación avanzada)

CINE 6: Segundo ciclo da Ensinanza Superior (conduce a unha cualificación avanzada)

A adaptación á realidade española e polo tanto galega da definición e clasificación internacional realizouse empregando a Clasificación Nacional de la Educación (CNED-2000), que considera como educación tanto os programas regulados polo sistema educativo, como a formación profesional ocupacional, a formación permanente e continua e outras ensinanzas fóra do sistema educativo.

Na seguinte táboa aparece a correspondencia entre os niveis da CNED e da CINE:

<b>CINE 0</b>
Analfabetos
<b>CINE 1</b>
Estudios primarios incompletos
Estudios primarios completos
<b>CINE 2</b>
Programas para a formación e inserción laboral que non precisan dunha titulación académica da 1ª etapa de secundaria para a súa realización
Primeira etapa de secundaria sen título
Primeira etapa de secundaria con título
<b>CINE 3</b>
Programas para a formación e inserción laboral que precisan dunha titulación de estudos secundarios da 1ª etapa para a súa realización
Garantía Social/Iniciación Profesional

Ensinanzas do bacharelato
Ensinanzas de grao medio de formación profesional específica, artes plásticas e deseño e deportivas
Ensinanzas de grao medio de música e danza
<b>CINE 4</b>
Programas para a formación e inserción laboral que precisan dunha titulación de estudos secundarios de 2ª etapa para a súa realización
<b>CINE 5</b>
Ensinanzas de grao superior de formación profesional específica e equivalentes: artes plásticas e deseño e deportivas
Títulos propios das universidades que non sexan de postgrao (dous anos ou máis)
Programas que precisan dunha titulación de formación profesional de grao superior para a súa realización (máis de 300 horas ou 6 meses)
Estudos de grao
Ensinanzas universitarias de 1º ciclo e equivalentes ou persoas que aprobasen tres cursos completos dunha licenciatura ou créditos equivalentes
Ensinanzas universitarias de 1º e 2º ciclo, de só 2º ciclo e equivalentes
Programas oficiais de especialización profesional
<b>CINE 6</b>
Masters (programas oficiais de postgrao)
Doutorado universitario

En todos os indicadores nos que aparece a variable de clasificación nivel de estudos alcanzado emprégase a seguinte agrupación:

- Educación preescolar, primaria ou primeiro ciclo de educación básica e educación secundaria primeira etapa ou segundo ciclo de educación básica (CINE 0-1-2)
- Educación secundaria segunda etapa e postsecundaria non terciaria (CINE 3-4)
- Educación terciaria (CINE 5-6)

É necesario, por outra parte, determinar a partir dos niveis da CINE un segundo nivel de clasificación para os efectos do cálculo dos indicadores, que permita distinguir entre educación secundaria primeira etapa e educación secundaria segunda etapa.

Para isto é preciso ter en conta que cando o nivel CINE 3c é dunha duración inferior a dous anos considérase como educación secundaria primeira etapa, mentres que o nivel CINE 3c de maior duración considérase educación secundaria segunda etapa.

Os niveis da CNED que se corresponden co nivel 3c da CINE de corta duración e que, polo tanto, se consideran educación secundaria primeira etapa, son os seguintes:

- Programas para a formación e inserción laboral que precisan dunha titulación de estudos secundarios da 1ª etapa para a súa realización.
- Garantía Social/Iniciación Profesional.

Os niveis da CINE que integran a educación secundaria segunda etapa son o 3a, 3b e 3c de longa duración, que se corresponden coas seguintes categorías da CNED:

- Ensinanzas do bacharelato
- Ensinanzas de grao medio de formación profesional específica, artes plásticas e deseño e deportivas
- Ensinanzas de grao medio de música e danza

## INDICADORES

### 1. Poboación e familias

#### Poboación

##### 1.1. Porcentaxe de poboación por grandes grupos de idade segundo o xénero

Defínese como a porcentaxe que representa a poboación dun grupo de idade  $i$  e xénero sobre a poboación total dese xénero o día 1 do ano  $t$ .

Fórmula de cálculo:

$$\frac{P_{Mulleres,i}^t}{P_{Mulleres}^t} \cdot 100; \frac{P_{Homes,i}^t}{P_{Homes}^t} \cdot 100$$

$P_{Mulleres,i}^t$ : poboación de mulleres do grupo de idade  $i$  o día 1 do ano  $t$ .

$P_{Homes,i}^t$ : poboación de homes do grupo de idade  $i$  o día 1 do ano  $t$ .

Os grupos de idade que se consideraron son os seguintes: 0-4, 5-14, 15-64, 65-79, 80 e máis.

##### 1.2. Porcentaxe de poboación de cada xénero dentro de cada grupo de idade

Defínese como a porcentaxe que representa a poboación dun grupo de idade  $i$  e xénero sobre a poboación total dese grupo de idade  $i$  o día 1 do ano  $t$ .

Fórmula de cálculo:

$$\frac{P_{Mulleres,i}^t}{P_i^t} \cdot 100; \frac{P_{Homes,i}^t}{P_i^t} \cdot 100$$

Os grupos de idade que se consideraron son os seguintes: 0-4, 5-14, 15-64, 65-79, 80 e máis.

##### 1.3. Sex ratio por grupos de idade

Defínese como o número de mulleres do grupo de idade  $i$  por cada 100 homes do mesmo grupo de idade.

Fórmula de cálculo:

$$Sexratio_i = \frac{P_{Mulleres,i}^t}{P_{Homes,i}^t} \cdot 100$$

Os grupos de idade que se consideraron son os seguintes: 0-4, 5-14, 15-64, 65-79, 80 e máis.



#### 1.4. Índice de envelhecimento segundo o xénero

Defínese, para cada xénero  $s$ , como a porcentaxe que representa a poboación maior de 64 anos de xénero  $s$  sobre a poboación menor de 16 anos e xénero  $s$  o día 1 do ano  $t$ .

Fórmula de cálculo:

$$\text{Índice de envelhecimento}_s = \frac{P_{65+,s}^t}{P_{0-15,s}^t} \cdot 100; \text{ onde } s = 1 \text{ son os homes e } s = 2 \text{ as mulleres.}$$

#### 1.5. Porcentaxe de poboación de nacionalidade estranxeira en grandes grupos de idade segundo o xénero

Defínese como a porcentaxe que representa a poboación estranxeira dun grupo de idade  $i$  e xénero  $s$  sobre a poboación total do xénero  $s$  e do grupo de idade  $i$  o día 1 do ano  $t$ .

Fórmula de cálculo:

$$\frac{P_{k=2,s,i}^t}{P_{s,i}^t} \cdot 100; \text{ onde } k = 1 \text{ é a poboación de nacionalidade española e } k = 2 \text{ a poboación de}$$

nacionalidade estranxeira.

Os grupos de idade que se consideraron son os seguintes: 0-4, 5-14, 15-64, 65 e máis.

#### 1.6. Taxa bruta de natalidade segundo a nacionalidade (española/estranxeira) da nai

Defínese como o total de nacementos de nai de nacionalidade  $k$  residente en Galicia no ano  $t$  por cada 1.000 habitantes.

Fórmula de cálculo:

$$TBN_k^t = \frac{N_k^t}{\frac{P_k^t + P_k^{t+1}}{2}} \cdot 1000; \text{ onde } N_k^t \text{ son os nacementos de nacionalidade } k \text{ ocorridos ao}$$

longo do ano  $t$  e  $P_k^t$  é a poboación de nacionalidade  $k$  o día 1 do ano  $t$ .

#### 1.7. Taxa xeral de fecundidade segundo a nacionalidade (española/estranxeira) da nai

Defínese como o total de nacementos de nai de nacionalidade  $k$  por cada 1.000 mulleres en idade fértil (15-49 anos) dese colectivo.

Fórmula de cálculo:

$$TXF_k^t = \frac{N_k^t}{\frac{P_{Mulleres,k}^t + P_{Mulleres,k}^{t+1}}{2}} \cdot 1000; \text{ onde } N_k^t \text{ son os nacementos de nacionalidade } k$$

ocorridos ao longo do ano  $t$  e  $P_{Mulleres,k}^t$  é a poboación de mulleres de nacionalidade  $k$  de 15 a 49 anos de idade o día 1 do ano  $t$ .

#### 1.8. Índice conxuntural de fecundidade segundo a nacionalidade (española/estranxeira) da nai

Defínese como o número medio de fillos que tería unha muller de nacionalidade  $k$  residente en Galicia no ano  $t$  ao longo da súa vida fértil, no caso de manter a mesma intensidade na fecundidade por idade que a observada no ano  $t$  para ese colectivo.

Fórmula de cálculo:

$$ICF_k^t = \frac{\sum_{x=15}^{49} f_{x,k}^t}{1000}; \text{ onde } f_{x,k}^t \text{ é a taxa específica de fecundidade á idade } x \text{ e nacionalidade } k \text{ no}$$

ano  $t$

$$f_{x,k}^t = \frac{N_{x,k}^t}{\frac{P_{Mulleres,x,k}^t + P_{Mulleres,x,k}^{t+1}}{2}} \cdot 1000; \text{ onde } N_{x,k}^t \text{ son os nacementos ocorridos ao longo do}$$

ano  $t$  de nais de idade  $x$  e nacionalidade  $k$  e  $P_{Mulleres,x,k}^t$  son as mulleres de idade  $x$  e nacionalidade  $k$  o día 1 do ano  $t$ .

#### 1.9. Idade media á maternidade segundo a nacionalidade (española/estranxeira) da nai

Defínese como a idade media á que unha muller de nacionalidade  $k$  residente en Galicia tería os seus fillos no caso de manter a mesma intensidade na fecundidade por idade que a observada no ano  $t$  para ese colectivo.

Fórmula de cálculo:

$$IMM_k^t = \frac{\sum_{x=15}^{49} (x + 0,5) \cdot f_{x,k}^t}{\sum_{x=15}^{49} f_{x,k}^t}; \text{ onde } f_{x,k}^t \text{ é a taxa específica de fecundidade á idade } x \text{ e}$$

nacionalidade  $k$  no ano  $t$

#### 1.10. Porcentaxe de nacementos de nai non casada

Defínese como a porcentaxe de nacementos de nai non casada residente en Galicia sobre o total de nacementos de nais residentes na comunidade autónoma.

Fórmula de cálculo:

$$P_{nc}^t = \frac{N_{nc}^t}{N^t} \cdot 100$$

#### 1.11. Taxa bruta de mortalidade segundo o xénero

Defínese como o número de defuncións de residentes en Galicia por cada 1.000 habitantes.

Fórmula de cálculo:

$$TBM^t = \frac{D^t}{P^t} \cdot 1000; \text{ onde } D^t \text{ son as defuncións ocorridas ao longo do ano } t \text{ e } P^t \text{ é a}$$

poboación media do ano  $t$ .

## Fontes de información

A fonte de información empregada para o cálculo dos catro primeiros indicadores é as *Estimaciones de la Población Actual* a 1 de xaneiro de cada ano, elaboradas polo INE e dispoñibles desde o ano 2002 en diante, que están publicadas na páxina web do INE e na do IGE.

A partir das estimacións por data de referencia (1 de xaneiro de cada ano), xénero e idades simples obtéñense as magnitudes necesarias para o cálculo dos catro indicadores.

Os datos de poboación que se empregan para o cálculo dos indicadores 1.5, 1.6 e 1.7 proceden da Explotación estatística do Padrón municipal de habitantes e están publicados tanto na páxina web do IGE como na do INE. Neste caso non se empregan as *Estimaciones de la Población Actual* posto que non se dispón desas cifras desagregadas segundo a nacionalidade.

Para o cálculo dos indicadores 1.8. e 1.9. precísanse os datos da poboación de mulleres por idades simples segundo a nacionalidade (española/estranxeira). Estes datos non están publicados polo que se obteñen a partir dunha explotación do ficheiro do Padrón municipal de habitantes, proporcionado polo INE ao IGE. Para obter os datos necesarios considéranse as variables relativas á nacionalidade, o sexo e a idade.

Polo que respecta aos datos de nacementos, necesarios para o cálculo dos indicadores 1.6, 1.7, 1.8, 1.9 e 1.10, empréganse os datos definitivos da Explotación do movemento natural da poboación realizada polo IGE.

Tanto a información necesaria para o cálculo dos indicadores 1.6 e 1.7, como a que se emprega no indicador 1.10 atópase publicada na páxina web do IGE. Non obstante, os nacementos segundo a nacionalidade e a idade da nai, que se empregan para calcular as taxas específicas de fecundidade, necesarias para obter os indicadores 1.8 e 1.9, non están publicados. Estes datos obtéñense a partir dunha aplicación informática desenvolvida no IGE que permite a consulta das variables dos microdatos a partir dos que se elabora a Explotación do movemento natural da poboación.

Os microdatos empregados son os de nacementos do Movemento Natural da Poboación (MNP), considerando as seguintes variables: idade da nai en anos cumpridos, indicador da nacionalidade española da nai, indicador da nacionalidade estranxeira da nai, ano do parto, indicador de se naceu vivo ou morto e provincia de residencia da nai. Cómpre ademais filtrar estes datos, considerando só aqueles relativos a nacidos vivos e nos que a provincia de residencia da nai sexa unha das provincias galegas.

É necesario sinalar ademais que, para o cálculo das taxas específicas de fecundidade, os nacementos de nai de 15 anos inclúen tanto os nacementos de nai de 15 anos como os nacementos de nai de menos de 15 anos; e os nacementos de nai de 49 anos inclúen tanto os

nacementos de nai de 49 anos como os nacementos de nai de máis de 49 anos; dado que tanto a categoría de nacementos de nai de menos de 15 anos como a de nacementos de nai de máis de 49 anos son residuais.

O indicador 1.11 elabórase a partir dos datos definitivos de defuncións da Explotación do movemento natural da poboación realizada polo IGE e das *Estimaciones de la Población Actual* a 1 de xullo de cada ano, elaboradas polo INE e dispoñibles desde o ano 2002 en diante, que están publicadas na páxina web do INE e na do IGE.

Os indicadores 1.1, 1.2, 1.3, 1.4 e 1.11, nos que se empregan as *Estimaciones de la Población Actual*, calcúlanse desde o ano 2002.

Polo que respecta aos indicadores 1.5, 1.6, 1.7.1.8 e 1.8, calcúlanse desde o ano 1998 e o 1.10 desde o 1996.

## Familias

### 1.12. Idade media ao primeiro matrimonio segundo o xénero

Defínese como a idade media á que un individuo residente en Galicia de sexo *s* contraería matrimonio por primeira vez no caso de manter a mesma intensidade á primo-nupcialidade por idade que a observada no ano *t* na dita poboación.

Calcúlase como a media das idades (de 14 a 60) ás que os residentes en Galicia de sexo *s* contraen matrimonio por primeira vez ponderada polas taxas de primo-nupcialidade por idade.

Fórmula de cálculo:

$$IMPM_s^t = \frac{\sum_{x=14}^{60} (x + 0,5) \cdot TPNup_{x,s}^t}{\sum_{x=14}^{60} TPNup_{x,s}^t}; \text{ onde } TPNup_{x,s}^t \text{ é a taxa de primo-nupcialidade dos}$$

residentes en Galicia de idade *x* e xénero *s* no ano *t*

$$TPNup_{x,s}^t = \frac{C_{x,s,(r=1)}^t}{P_{x,s}^t} \cdot 1000; \text{ onde } C_{x,s,(r=1)}^t \text{ é o número de residentes en Galicia de idade } x \text{ e}$$

xénero *s* que contraen matrimonio por primeira vez (*r=1*) no ano *t* e  $P_{x,s}^t$  é a poboación media de idade *x* e xénero *s* residente en Galicia ao longo do ano *t*.

### 1.13. Porcentaxe de fogares unipersoais segundo o grupo de idade e o xénero

Defínese, para cada grupo de idade *i* como a porcentaxe de fogares unipersoais de cada xénero *s* sobre o total de fogares unipersoais dese grupo de idade.

Fórmula de cálculo:

$$\frac{\text{Fogares unipersoais}_{i,s}}{\text{Fogares unipersoais}_i} \cdot 100$$

Os grupos de idade que se consideraron son os seguintes: 16-24, 25-34, 35-44, 45-54, 55-64, 65-74, 75-85, 85 e máis.

1.14. Porcentaxe de fogares monoparentais con fillos menores de 18 anos segundo o xénero do proxenitor

Defínese para cada xénero s, como a porcentaxe de fogares monoparentais con fillos menores de 18 anos e xénero do proxenitor s sobre o total de fogares monoparentais con fillos menores de 18 anos.

### **Fontes de información**

Para o cálculo do indicador 1.12 precísase información de matrimonios procedente dos datos definitivos da Explotación do movemento natural da poboación. Estes datos non están publicados, polo que se obteñen a partir da explotación dos microdatos de matrimonios do MNP empregando unha aplicación informática desenvolvida no IGE que permite a consulta das variables dos microdatos a partir dos que se elabora a Explotación do movemento natural da poboación.

Para obter a información necesaria para o cálculo do indicador, é dicir, os datos dos residentes en Galicia que contraen matrimonio por primeira vez segundo a idade e o xénero, hai que considerar no ficheiro de microdatos as seguintes variables: ano do matrimonio, provincia de residencia do matrimonio, código do sexo do cónxuxe A, código do sexo do cónxuxe B, código do estado civil do cónxuxe A, código do estado civil do cónxuxe B, idade do cónxuxe A en anos cumpridos, idade do cónxuxe B en anos cumpridos. Os datos necesarios para o cálculo do indicador son relativos só a matrimonios con residencia en Galicia de diferente sexo, polo que haberá que considerar só aqueles rexistros do ficheiro de microdatos nos que a provincia de residencia sexa unha das catro provincias galegas e, ademais, o sexo do cónxuxe A sexa distinto do sexo do cónxuxe B. Despois de excluír os matrimonios do mesmo sexo, os datos que aparecen na variable cónxuxe A refírense a homes e os que aparecen na variable cónxuxe B a mulleres.

Polo tanto, para o cálculo da idade media ao primeiro matrimonio haberá que considerar o seguinte:

- No caso dos homes, empréganse os datos do cónxuxe A, considerando o estado civil solteiro.
- No caso das mulleres, empréganse os datos do cónxuxe B, considerando o estado civil solteira.

Por outro lado, os datos de poboación empregados para o cálculo das taxas de primonupcialidade proceden das *Estimaciones de la Población Actual* a 1 de xullo de cada ano, dispoñibles desde o ano 2002 en diante, que están publicadas na páxina web do INE e na do IGE.

É necesario sinalar ademais que, para o cálculo das taxas de primo-nupcialidade, na idade 14 anos inclúense tanto os cónxuxes de 14 anos como os de menos de 14 anos, se os houberse; e na idade 60 anos inclúense tanto os cónxuxes de 60 anos como os de máis de 60 anos. Este indicador pódese obter desde o ano 2002.

A fonte información empregada para o cálculo dos indicadores 1.13 e 1.14 é a Enquisa de poboación activa (EPA). Estes indicadores obtéñense a partir do ficheiro de microdatos dispoñible no IGE. Debe terse en conta que na EPA constitúen un fogar todas as persoas que habitan na mesma vivenda, independentemente de que compartan ou non gastos comúns. Debido a cambios no deseño de rexistro, cómpre facer dous tratamentos diferenciados para poder obter a información necesaria para o cálculo dos indicadores:

- Ata o segundo trimestre de 2009 incluído:

Para o cálculo do indicador de fogares unipersoais empréganse as variables: Trimestre de referencia (CICLO), Número de orde da vivenda (NVIVI), Número da persoa (NPERS), Idade (EDAD1), Sexo (SEXO1) e Factor de elevación (FACTOREL).

Para o cálculo do indicador de fogares monoparentais, ademais das anteriores, necesitaranse a maiores as variables Número de persoa do pai (NPADRE) e Número de persoa da nai (NMADRE).

- A partir do segundo trimestre de 2009:

Non hai a variable NVIVI. No seu lugar, para poder identificar cada vivenda cómpre considerar as seguintes variables:

Identificador numérico do trimestre ao que se refiren os datos (CICLO)

Provincia onde está situada a vivenda (PROV)

Código de sección 1 (Bloque): cupo de traballo no trimestre, consta de 13 seccións (unha por semana) (SECC1)

Código de sección 2 (Semana): indicativo da semana de referencia dentro do trimestre ao que se refire a información na sección (SECC2)

Código de sección 3 (Quenda de rotación): indicativo de cada un dos sextos na mostra total que se renova cada trimestre (SECC3)

Número da vivenda (trátase do número de orde da vivenda seleccionada na sección) (VIVI)

Se se trata da mostra ampliada ou non (GEOAMP)

Estrato ao que pertence a vivenda enquisada (ESTRATO)

As restantes variables serían as mesmas que as empregadas ata o segundo trimestre de 2009.

Estes dous indicadores pódense obter desde o ano 1996, xa que non están afectados polos cambios metodolóxicos introducidos no ano 2005.

## **2. Saúde**

### 2.1. Esperanza de vida a distintas idades segundo o xénero

Defínese como o número medio de anos que lle quedarían por vivir a unha persoa que xa alcanzou unha determinada idade, no caso de estar suxeita o resto da súa vida ás condicións de mortalidade actuais (probabilidades específicas de morte por idade).

As idades que se consideraron foron as seguintes: ao nacer, aos 65 anos e aos 80 anos.

### 2.2. Diferenza entre xéneros na esperanza de vida a distintas idades

Defínese, para cada idade, como a diferenza entre a esperanza de vida das mulleres e a esperanza de vida dos homes.

As idades que se consideraron foron as seguintes: ao nacer, aos 65 anos e aos 80 anos.

### 2.3. Esperanza de vida en boa saúde a distintas idades segundo o xénero

Defínese como o número de anos en boa saúde que unha persoa pode esperar vivir se e só se os patróns de prevalencia actual se manteñen estables ao longo da vida.

Este indicador está incluído nos indicadores estruturais de Eurostat, no apartado de “Environment”.

As idades que se consideraron foron as seguintes: ao nacer e aos 65 anos.

### 2.4. Defuncións por causa de morte máis frecuentes segundo o xénero

Defínese como a porcentaxe de defuncións dunha causa e xénero sobre o total de defuncións dese xénero.

### 2.5. Altas hospitalarias por 100.000 habitantes segundo o diagnóstico principal e o xénero

Defínese, para cada xénero e diagnóstico principal como o cociente entre o número altas hospitalarias dese xénero e diagnóstico sobre a poboación media dese xénero, por 100.000.

Considéranse só as altas hospitalarias nas que a provincia de residencia é unha das catro provincias galegas.

## **Fontes de información**

O cálculo da esperanza de vida (indicador 2.1) realízase a partir do módulo de táboas de mortalidade abreviadas incluído nos métodos de Demografía da aplicación Epidat 3.1., desenvolvida pola Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia en colaboración coa Unidad de Análisis de Salud y Sistemas de Información de Salud da Organización Panamericana de la Salud (OPS-OMS).

O Epidat 3.1. emprega táboas de mortalidade abreviadas, nas que a idade se presenta agregada en grupos plurianuais (menores de 1 ano, de 1 a 4 anos e o resto ata o intervalo final en grupos quinquenais de idade). Como intervalo aberto final empregouse 85 e máis anos.

As táboas modelo de mortalidade empregadas en Epidat 3.1. son as de Coale y Demeny, que están baseadas na construción de catro modelos diferentes de mortalidade (Norte, Sur, Este e

Oeste) e implica o recoñecemento de que un mesmo nivel de mortalidade xeral pode asociarse a diversos modelos de mortalidade. O modelo que se empregou para a construción das táboas de mortalidade para Galicia foi o modelo Sur, que se deduciu da experiencia de Italia, Portugal e España.

As fontes de información que se empregan para o cálculo das táboas de mortalidade abreviadas dun ano  $t$  son:

- A poboación segundo xénero e grupos de idade (menores de 1 ano, de 1 a 4 anos, o resto en grupos quinquenais de idade ata o intervalo final (85 e máis anos)) o 1 de xaneiro do ano  $t$  do Padrón municipal de habitantes.
- As defuncións segundo xénero e grupos de idade (menores de 1 ano, de 1 a 4 anos, o resto en grupos quinquenais de idade ata o intervalo final (85 e máis anos)) no ano  $t$  da Explotación do Movemento natural da poboación.

O indicador 2.3 elaborase mediante o método de Sullivan, que está baseado en dúas partes principais:

- Unha táboa de vida que permite calcular a esperanza de vida para cada idade ( ou categoría de idade, no caso de táboas de vida abreviadas).
- A prevalencia observada da poboación en condicións de boa saúde ou non.

Empréganse as táboas de vida abreviadas obtidas coa aplicación Epidat 3.1. para o cálculo das esperanzas de vida. Para obter os datos de prevalencias utilizouse a seguinte pregunta da Encuesta de condiciones de vida (ECV) do INE:

PH030 1 Durante al menos los últimos 6 meses, ¿en qué medida se ha visto limitado debido a un problema de salud para realizar las actividades que la gente habitualmente hace?

Gravemente limitado 1

Limitado pero no gravemente 2

Nada limitado 3

Calcúlase a esperanza de vida libre de discapacidade polo que, as taxas de prevalencia da discapacidade para cada xénero e grupo de idade, calcúlanse como a porcentaxe de persoas que se atopan na situación 1 e 2 sobre o total.

É necesario asumir o seguinte:

- A ECV do INE recolle só a información da pregunta anterior para adultos, definidos como as persoas de 16 ou máis anos, polo que a taxa de prevalencia obtida para o intervalo de idade [16,20) aplícase ao intervalo [15,20).
- Para os intervalos de idade anteriores (ata os 15 anos) considerouse que a taxa de prevalencia é a metade da obtida para o intervalo de idade [16,20).
- As persoas de 80 ou máis anos aparecen agrupadas. Por este motivo, considérase que a taxa de prevalencia para o grupo de idade [80,85) é a mesma que para o intervalo aberto final de 85 e máis anos.

Para o cálculo deste indicador empréganse as seguintes referencias:



EUROPEAN HEALTH EXPECTANCY MONITORING UNIT (2007): Health Expectancy Calculation by the Sullivan Method: A Practical Guide. 3<sup>rd</sup> edition. Disponible na web [http://www.ehemu.eu/pdf/Sullivan\\_guide\\_final\\_jun2007.pdf](http://www.ehemu.eu/pdf/Sullivan_guide_final_jun2007.pdf)

EUROSTAT: Healthy Life Years Expectancy disability-free life expectancy-DFLE Method. Disponible na web

[http://epp.eurostat.ec.europa.eu/cache/ITY\\_SDDS/Annexes/hlth\\_hlye\\_esms\\_an1.pdf](http://epp.eurostat.ec.europa.eu/cache/ITY_SDDS/Annexes/hlth_hlye_esms_an1.pdf)

O indicador 2.4 elaborase a partir dos datos das Defunciones según la causa de muerte, publicados na páxina web do INE.

As fontes de información empregadas para o cálculo do indicador 2.5 son:

- Para os datos de altas hospitalarias, a Encuesta de morbilidad hospitalaria do INE, publicada na súa páxina web.
- Para os datos da poboación media segundo o xénero, as *Estimaciones de la Población Actual* a 1 de xullo de cada ano, elaboradas polo INE e dispoñibles desde o ano 2002 en diante, que están publicadas na páxina web do INE e na do IGE.

Os indicadores 2.1, 2.2 e 2.3 calcúlanse desde o ano 1998, o 2.5 desde o ano 2002 e por último o 2.4 desde o ano 2004.

### 3. Educación

3.1. Taxa bruta de alumnado que se gradúa segundo o nivel de ensinanza e o xénero

Calcúlase como a relación entre o alumnado que remata os estudos que se consideran, independentemente da súa idade, coa poboación total da idade teórica de comezo do último curso da ensinanza.

$$\text{Taxa bruta graduación}_{s,j}^{t/t+1} = \frac{\text{Alumnado graduado}_{s,j}^{t/t+1}}{P_{s,x}^{t+1}} \cdot 100; \text{ onde}$$

$\text{Alumnado graduado}_{s,j}^{t/t+1}$  é o alumnado de xénero  $s$ , que remata os estudos  $j$  no curso académico  $t/t+1$  e  $P_{s,x}^{t+1}$  é a poboación a 1 de xaneiro do ano  $t+1$  de xénero  $s$  e idade teórica  $x$  (idade de comezo do último curso da ensinanza  $j$ ).

Os estudos considerados son os seguintes:

- ESO
- Bacharelato
- Técnico/Técnico Auxiliar
- Técnico Superior/Técnico especialista

Inclúese tamén o alumnado que consegue as titulacións a través do réxime de educación a distancia.

As idades teóricas de comezo do último curso empregadas nas taxas brutas de poboación que se gradúa son as seguintes: Graduado en Secundaria (ESO), 15 anos; Bacharelato/COU, 17 anos; Técnico Auxiliar (FP I), 15 anos; Técnico (Ciclos Formativos de Grado Medio), 17 anos; Técnico Especialista (FP II), 18 anos; Técnico Superior (Ciclos Formativos de Grado Superior), 19 anos.

3.2. Número de graduados en educación superior en ciencias, matemáticas e tecnoloxía por 1.000 habitantes da poboación de 20 a 29 anos segundo o xénero

Este indicador está incluído nos indicadores estruturais de Eurostat, no apartado de “Innovation and Research”.

Para o seu cálculo téñense en conta os seguintes campos de estudo dentro da Ciencia e Tecnoloxía: ciencias da vida, ciencias físicas, matemáticas e estatística, informática e enxeñería e arquitectura.

3.3. Abandono educativo temperán segundo o xénero<sup>6</sup>

Defínese como a porcentaxe de poboación entre 18 e 24 anos, ambos os dous incluídos, que non completou o nivel de educación secundaria segunda etapa (CINE 3a, 3b, 3c longa duración) e non segue ningún tipo de formación.

Este indicador está incluído nos indicadores estruturais de Eurostat, no apartado de “Social Cohesion” e é un dos indicadores da UE que se empregan como puntos de referencia para o seguimento dos Obxectivos 2010 e 2020 dos sistemas educativos e formativos na UE.

É un dos oito indicadores definidos para o seguimento dos cinco obxectivos principais da estratexia 2020, ademais de aparecer entre os puntos de referencia para os obxectivos dos sistemas de educación e formación tanto no ano 2010 como no 2020.

3.4. Nivel de formación da poboación nova

Defínese como a porcentaxe de poboación de 20 a 24 anos que completou a educación secundaria segunda etapa (CINE 3a, 3b, 3c longa duración).

Este indicador está incluído nos indicadores estruturais de Eurostat, no apartado de “Innovation and Research” e aparecía entre os puntos de referencia para os obxectivos dos sistemas de educación e formación no ano 2010 aínda que non está incluído nos obxectivos do 2020.

3.5. Persoas con baixos niveis educativos segundo o xénero

Defínese, para cada xénero, como a porcentaxe de poboación de 25 a 64 anos dese xénero que só alcanzou un nivel educativo igual ou menor ao de ensinanza secundaria primeira etapa (CINE 2 ou CINE 3c corta duración).

---

<sup>6</sup> Este indicador mide o obxectivo da estratexia Europa 2020 de non superar o 10% de abandono educativo temperán no ano 2020.

3.6. Porcentaxe de poboación de 25 a 64 anos que completou polo menos a educación secundaria segunda etapa segundo o xénero

Defínese, para cada xénero, como a porcentaxe de poboación de 25 a 64 anos dese xénero que completou un nivel educativo igual ou superior ao de ensinanza secundaria segunda etapa (CINE 3a, 3b, 3c longa duración).

3.7. Formación permanente segundo o xénero

Defínese como a porcentaxe de poboación de 25 a 64 anos que participou nalgunha actividade formativa segundo o xénero.

Este indicador está incluído nos indicadores estruturais de Eurostat, no apartado de “Employment” e figura entre os puntos de referencia para os obxectivos dos sistemas de educación e formación tanto no ano 2010 como no 2020.

3.8. Nivel de formación alcanzado da poboación dun grupo de idade segundo o xénero<sup>7</sup>

Defínese, para cada xénero, grupo de idade e nivel de formación, como a porcentaxe de poboación dese grupo de idade e xénero para a que o nivel máis alto de formación alcanzado foi o considerado.

Os grupos de idade que se consideraron son os seguintes: de 16 a 64 anos, de 25 a 34 anos, de 30 a 34 anos e de 55 a 64 anos.

### **Fontes de información**

Para o cálculo do indicador 3.1 utilízanse as seguintes fontes de información:

- O alumnado que remata estudos segundo as ensinanzas consideradas nun curso académico, obtense a partir dos resultados detallados da Estadística de las Enseñanzas no universitarias, que o Ministerio de Educación y Ciencia (MEC) publica na súa páxina web.
- A poboación total dunha idade teórica obtense a partir das Estimaciones de la Población Actual elaboradas polo INE e publicadas na páxina web do INE e na do IGE.

Polo que respecta ao indicador 3.2, publicarase directamente o dato elaborado polo MEC e publicado no apartado de Indicadores estadísticos internacionales da publicación Las cifras de la educación en España. Estadísticas e indicadores, dispoñible na web do MEC no seguinte enderezo: <http://www.educacion.es/mecd/jsp/plantilla.jsp?id=3131&area=estadisticas>

A fonte información empregada para o cálculo dos restantes indicadores deste apartado (todos excepto o 3.1 e o 3.2) é a EPA.

---

<sup>7</sup> A porcentaxe de poboación de 30 a 34 anos cun nivel alcanzado de educación terciaria é un dos oito indicadores definidos para o seguimento dos cinco obxectivos principais da estratexia 2020 e mide o obxectivo da estratexia Europa 2020 de incrementar esta porcentaxe ao 40% no ano 2020.

Os indicadores 3.3 e o 3.7 obtéñense a partir do ficheiro de microdatos dispoñible no IGE. No caso do último indicador, os datos necesarios para o seu cálculo poderían obterse dos ficheiros de microdatos publicados na páxina web do IGE ou do INE.

Para o cálculo do indicador 3.3 empréganse as variables Trimestre (CICLO), Sexo (SEXO1), Idade (EDAD1), Nivel de estudos (NFORMA), Cursa estudos regrados nas catro últimas semanas (CURSR), Cursa estudos non regrados nas catro últimas semanas (CURSNR) e Factor de elevación (FACTOREL).

Para determinar a poboación que non completou o nivel de educación secundaria segunda etapa, considérase a poboación que acadou só algúns dos niveis inferiores (CINE 0,1,2 e CINE 3c) e que se corresponden coas seguintes categorías da variable NFORMA, que está codificada segundo a CNED:

(NFORMA=80) Analfabetos

(NFORMA=11) Estudos primarios incompletos

(NFORMA=12) Estudos primarios completos

(NFORMA=21) Programas para a formación e inserción laboral que non precisan dunha titulación académica da 1ª etapa de secundaria para a súa realización

(NFORMA=22) Primeira etapa de secundaria sen título

(NFORMA=23) Primeira etapa de secundaria con título

(NFORMA=31) Programas para a formación e inserción laboral que precisan dunha titulación de estudos secundarios da 1ª etapa para a súa realización

(NFORMA=36) Garantía Social/Iniciación Profesional

Para considerar a poboación que non segue ningún tipo de formación é necesario tomar CURSR=3 e CURSNR=3, tendo en conta que os valores que poden tomar tanto a variable CURSR como a variable CURSNR son:

1 Si

2 Estudante en vacacións

3 Non

Para o cálculo do indicador 3.7 empréganse as variables CICLO (Trimestre), SEXO1, EDAD1, CURSR (Cursa estudos regrados nas catro últimas semanas), CURSNR (Cursa estudos non regrados nas catro últimas semanas) e Factor de elevación (FACTOREL).

A información necesaria para o cálculo dos restantes indicadores (3.4, 3.5, 3.6, 3.8, 3.9, 3.10 e 3.11) obtense a partir da aplicación informática desenvolvida no IGE que permite a consulta dalgunhas das variables dos microdatos da EPA.

Non obstante, os datos necesarios para o cálculo destes indicadores poden extraerse directamente do ficheiro de microdatos publicado na web do IGE ou do INE.

Os datos de poboación de 16 e máis anos segundo o nivel de estudos alcanzado e por grupos quinquenais de idade e xénero, que se empregan para o cálculo dos citados indicadores, obtéñense a partir dos ficheiros de microdatos da EPA considerando as seguintes variables:

Trimestre (CICLO), Sexo (SEXO1), Edad (EDAD5), Nivel de formación alcanzado (NFORMA), Factor de elevación (FACTOREL).

Todos os indicadores deste apartado que se obteñen a partir da EPA, calcúlanse desde o ano 2000 e a partir de medias anuais.

#### 4. Trabajo

4.1. Taxa de actividade da poboación de 16 e máis anos segundo grandes grupos de idade e xénero

Defínese, para cada xénero  $s$  e grupo de idade  $i$ , como o cociente entre o total de activos do xénero  $s$  e o grupo de idade  $i$  e a poboación de 16 e máis anos correspondente a ese grupo de idade e xénero.

$$T(\text{actividade})_{i,s} = \frac{\text{Activos}_{i,s}}{P_{i,s}} \cdot 100$$

Os grupos de idade que se consideran son os seguintes: total da poboación de 16 e máis anos, de 16 a 24 anos, de 25 a 54 anos, de 55 e máis anos.

4.2. Taxa de actividade da poboación de 16 a 64 anos segundo o xénero

Defínese, para cada xénero  $s$ , como o cociente entre o total de activos de 16 a 64 anos do xénero  $s$  e a poboación de 16 a 64 anos do xénero  $s$ .

$$T_{[16,65),s}(\text{actividade}) = \frac{\text{Activos}_{[16-65),s}}{P_{[16-65),s}} \cdot 100$$

4.3. Taxa de emprego da poboación de 16 e máis anos segundo grandes grupos de idade e xénero

Defínese, para cada xénero  $s$  e intervalo de idade determinado, como o cociente entre o número de ocupados desas idades e xénero  $s$  e a poboación de 16 e máis anos correspondente a ese intervalo e xénero.

$$T_{i,s}(\text{ocupación}) = \frac{\text{Ocupados}_{i,s}}{P_{i,s}} \cdot 100$$

Os grupos de idade que se consideran son os seguintes: total da poboación de 16 e máis anos, de 16 a 24 anos, de 25 a 54 anos, de 55 e máis anos.

4.4. Taxa de emprego da poboación de 16 a 64 anos segundo o xénero

Defínese, para cada xénero  $s$ , como o cociente entre o total de ocupados de 16 a 64 anos do xénero  $s$  e a poboación de 16 a 64 anos do xénero  $s$ .

$$T_{[16,65),s}(\text{ocupación}) = \frac{\text{Ocupados}_{[16-65),s}}{P_{[16-65),s}} \cdot 100$$

Este indicador está incluído nos indicadores estruturais de Eurostat, no apartado de “Employment”.

#### 4.5. Taxa de emprego dos traballadores maiores segundo o xénero

Calcúlase, para cada xénero  $s$ , como o cociente entre os ocupados de 55 a 64 anos do xénero  $s$  e o total de poboación dese grupo de idade e do xénero  $s$ .

$$T_{[55,65),s}(ocupación) = \frac{Ocupados_{[55-65),s}}{P_{[55-65),s}} \cdot 100$$

Este indicador está incluído nos indicadores estruturais de Eurostat, no apartado de “Employment”.

#### 4.6. Taxa de emprego da poboación de 20 a 64 anos segundo o nivel de estudos alcanzado e o xénero

Calcúlase, para cada xénero  $s$ , como o cociente entre os ocupados do grupo de idade de 20 a 64 anos con nivel de estudos  $j$  e o total da poboación con nivel de estudos  $j$  e do xénero  $s$  e do grupo de idade de 20 a 64 anos.

$$T_{s,j,[20,65)}(ocupación) = \frac{Ocupados_{s,j,[20,65)}}{P_{s,j,[20,65)}} \cdot 100$$

A taxa de emprego da poboación de 20 a 64 anos segundo o xénero é un dos oito indicadores definidos para o seguimento dos cinco obxectivos principais da estratexia 2020.<sup>8</sup>

#### 4.7. Taxa de emprego do grupo de idade de 20 a 49 anos segundo o xénero, o número de fillos e a idade do fillo menor

$$T_{s,n,x,[20,49)}(ocupación) = \frac{Ocupados_{s,n,x,[20,49)}}{P_{s,n,x,[20,49)}} \cdot 100; \text{ onde } Ocupados_{s,n,x,[20,49)} \text{ é a poboación}$$

ocupada do grupo de idade de 20 a 49 anos e do xénero  $s$ , con número de fillos igual a  $n$  e idade do fillo menor igual  $x$  e  $P_{s,n,x,[20,49)}$  é a poboación do grupo de idade de 20 a 49 anos e do xénero  $s$ , con número de fillos igual a  $n$  e idade do fillo menor igual  $x$ .

Para o número de fillos considéranse as seguintes categorías: 0, 1, 2, 3 ou máis.

Para a idade do fillo menor distínguense as seguintes categorías: menor de 6 anos, entre 6 e 11 anos, 12 anos e máis.

#### 4.8. Porcentaxe de asalariados con contratos temporais segundo o xénero para algúns grupos de idade

---

<sup>8</sup> Este indicador mide o obxectivo da estratexia Europa 2020 de incrementar a porcentaxe de poboación ocupada de 20 a 64 anos ao 75% no ano 2020.

Defínese, para cada xénero  $s$  e grupo de idade, como a porcentaxe de asalariados con contratos temporais dese xénero e grupo de idade sobre o total de asalariados dese xénero e grupo de idade.

Os grupos de idade considerados son: de 20 a 64 anos, de 50 a 64 anos e de 25 a 49 anos.

#### 4.9. Porcentaxe de ocupados a tempo parcial sobre o total de ocupados segundo o xénero

Defínese, para cada xénero  $s$ , como a porcentaxe de ocupados a tempo parcial sobre o total de ocupados dese xénero  $s$ .

#### 4.10. Taxa de paro segundo grupos de idade e xénero

Defínese, para cada xénero  $s$  e grupo de idade  $i$ , como o cociente entre os parados dese xénero e grupo de idade e a poboación activa dese xénero e grupo de idade.

$$T_{s,i}(\text{paro}) = \frac{\text{Parados}_{s,i}}{\text{Activos}_{s,i}} \cdot 100$$

Os grupos de idade considerados son: de 16 a 74 anos, menores de 25 anos, de 25 a 74 anos.

A taxa de paro segundo o xénero está incluída nos indicadores estruturais de Eurostat, no apartado de “Employment”.

#### 4.11. Taxa de paro segundo o nivel de estudos alcanzado e o xénero

Calcúlase, para cada xénero  $s$ , como o cociente entre os parados con nivel de estudos  $j$  e a poboación activa con nivel de estudos  $j$  e do xénero  $s$ .

$$T_{s,j}(\text{paro}) = \frac{\text{Parados}_{s,j}}{\text{Activos}_{s,j}} \cdot 100$$

#### 4.12. Idade media de saída do mercado laboral segundo o xénero

Este indicador proporciona a idade media á que a poboación activa abandona definitivamente o mercado laboral. Está baseado nun modelo probabilístico que considera os cambios relativos nas taxas de actividade dun ano a outro a unha idade específica.

Este indicador está incluído nos indicadores estruturais de Eurostat, no apartado de “Employment”.

#### 4.13. Porcentaxe de ocupados a tempo parcial con idades comprendidas entre 20 e 49 anos segundo o xénero, o número de fillos e a idade do fillo menor

$$\frac{\text{Ocupados tempo parcial}_{s,n,x,[20,49)}}{\text{Ocupados}_{s,n,x,[20,49)}} \cdot 100; \text{ onde } \text{Ocupados}_{s,n,x,[20,49)}$$

é a poboación ocupada do grupo de idade de 20 a 49 anos e do xénero  $s$ , con número de fillos igual a  $n$  e idade do fillo menor ou igual a  $x$  e  $\text{Ocupados tempo parcial}_{s,n,x,[20,49)}$  é a parte dese grupo de poboación que está traballando a tempo parcial.

Para o número de fillos considéranse as seguintes categorías: 0, 1, 2, 3 ou máis.

Para a idade de fillo menor distínguense as seguintes categorías: menor de 6 anos, entre 6 e 11 anos, 12 anos e máis.

#### 4.14. Inactivos segundo a clase de inactividade e o xénero

Defínese como a porcentaxe de poboación dun xénero e clase de inactividade sobre o total de poboación inactiva dese xénero.

#### 4.15. Taxa de paro de longa duración segundo o xénero

Defínese como o cociente entre o número de desempregados de longa duración (12 meses ou máis) entre a poboación activa.

A duración do desemprego defínese como a duración da busca de traballo ou o período de tempo desde que deixou o último traballo (se este período é menor que a duración da busca de traballo)

Este indicador está incluído nos indicadores estruturais de Eurostat, no apartado de “Social Cohesion”.

### **Fontes de información**

Para o cálculo de todos os indicadores deste apartado emprégase só información procedente da EPA.

Todos os indicadores publícanse a partir de medias anuais e con carácter xeral desde o ano 1996, excepto os indicadores 4.6 e 4.11 que se publican desde o ano 2000, o 4.12 desde o 2001 e o 4.15 desde o 2005.

No caso dos indicadores, 4.1 e 4.3 publicarase directamente o dato da EPA dispoñible na páxina web do IGE no apartado onde se difunden os resultados desta enquisa.

Por outra parte, a información necesaria para o cálculo dos indicadores 4.2, 4.4, 4.5, 4.6, 4.8, 4.9, 4.10, 4.11 e 4.14 obtense a partir da aplicación informática desenvolvida no IGE, que permite a consulta dalgunhas das variables dos microdatos da Enquisa de poboación activa. Aínda que esta información aparece publicada na páxina web do IGE desde o terceiro trimestre do ano 2009 incluído, empregáranse os microdatos xa que permiten obter os datos en unidades, en lugar de en miles.

Para obter, a partir do ficheiro de microdatos da EPA, a información necesaria para elaborar os indicadores 4.2, 4.4, 4.5 e 4.10, hai que considerar as seguintes variables: Trimestre de referencia (CICLO), Idade (EDAD1), Sexo (SEXO1), Relación coa actividade económica (aoi) e Factor de elevación (FACTOREL).

Por outra parte, no caso dos indicadores 4.6 e 4.11, para obter os datos necesarios para o seu cálculo, as variables que se teñen que considerar son as seguintes: Trimestre de referencia



(CICLO), Idade (EDAD1), Sexo (SEXO1), Nivel de formación alcanzado (NFORMA), Relación coa actividade económica (aoi) e Factor de elevación (FACTOREL).

Para obter, a partir do ficheiro de microdatos da EPA, a información necesaria para elaborar os indicadores 4.8, 4.9 e 4.14, hai que considerar as seguintes variables:

- Para o indicador 4.8: Trimestre de referencia (CICLO), Idade (EDAD1), Sexo (SEXO1), Relación coa actividade económica (aoi), Situación profesional respecto do emprego principal (SITU), Relación laboral temporal ou indefinida (DUCON1) e Factor de elevación (FACTOREL).
- Para o indicador 4.9: Trimestre de referencia (CICLO), Sexo (SEXO1), Relación coa actividade económica (aoi), Tipo de xornada, completa ou parcial (PARCO1) e Factor de elevación (FACTOREL).
- Para o indicador 4.14: Trimestre de referencia (CICLO), Sexo (SEXO1), Relación coa actividade económica (aoi), Situación de inactividade (SIDI1, SIDI2, SIDI3), Idade (EDAD1) e Factor de elevación (FACTOREL).

Na variable situación de inactividade, dado que unha mesma persoa pode sinalar ata tres situacións e que nas táboas de resultados só se pode asignar a persoa a unha situación de inactividade, a súa inclusión nunha determinada categoría réxese pola seguinte regra: se é menor de 40 anos, a orde de preferencia é 4>1>5>3>6>7>2; se a súa idade é 40 ou máis anos, a orde de preferencia é 2>4>1>5>3>6>7.

1 Estudiante (aínda que estea de vacacións)

2 Percibía unha pensión de xubilación ou uns ingresos de prexubilación

3 Dedicado ás labores do fogar

4 Incapacitado permanente

5 Percibindo unha pensión distinta á de xubilación (ou prexubilación)

6 Realizando sen remuneración traballos sociais, actividades benéficas, ...

7 Outras situacións

Os indicadores 4.7 e o 4.13 obtéñense a partir do ficheiro de microdatos dispoñible no IGE.

Para obter os datos necesarios para o cálculo do indicador 4.7, debido a cambios no deseño de rexistro, cómpre facer dous tratamentos diferenciados:

- Ata o segundo trimestre de 2009 incluído:

Para o cálculo do indicador 4.7 empréganse as variables: Trimestre de referencia (CICLO), Número de orde da vivenda (NVIVI), Número da persoa (NPERS), Idade (EDAD1), Sexo (SEXO1), Número de persoa do pai (NPADRE), Número de persoa da nai (NMADRE) e Factor de elevación (FACTOREL).

Tamén temos que considerar a seguinte variable derivada Relación coa actividade económica (aoi).

- A partir do segundo trimestre de 2009:

Non hai a variable NVIVI. No seu lugar, para poder identificar cada vivenda cómpre considerar as seguintes variables:

Identificador numérico do trimestre ao que se refiren os datos (CICLO)

Provincia onde está situada a vivenda (PROV)

Código de sección 1 (Bloque): cupo de traballo no trimestre, consta de 13 seccións (unha por semana) (SECC1)

Código de sección 2 (Semana): indicativo da semana de referencia dentro do trimestre ao que se refire a información na sección (SECC2)

Código de sección 3 (Quenda de rotación): indicativo de cada un dos sextos na mostra total que se renova cada trimestre (SECC3)

Número da vivenda (trátase do número de orde da vivenda seleccionada na sección) (VIVI)

Se se trata da mostra ampliada ou non (GEOAMP)

Estrato ao que pertence a vivenda enquisada (ESTRATO)

As restantes variables serían as mesmas que as empregadas ata o segundo trimestre de 2009.

Os datos necesarios para o cálculo do indicador 4.13. obtéñense do mesmo xeito que os do indicador 4.7. Só hai que considerar, ademais das variables especificadas para o indicador 4.7 o Tipo de xornada, completa ou parcial (PARCO1).

O indicador 4.15 obtense a partir dos microdatos da EPA, dispoñibles na páxina web do IGE e do INE.

Para o cálculo do indicador 4.15 empréganse as seguintes variables: Trimestre (CICLO), Sexo (SEXO1), Relación coa actividade económica (aoi), Tempo en meses desde que deixou o seu último emprego (dtant), Tempo buscando emprego (itbu) e Factor de elevación (FACTOREL).

O indicador 4.12 elabórase a partir das taxas de actividade por idades simples da EPA, considerando a poboación de 50 a 70 anos. Como estes datos non están publicados e no ficheiro de microdatos a idade aparece en grupos quinquenais, para o cálculo destas taxas de actividade emprégase a aplicación informática desenvolvida no IGE, que permite a consulta dos microdatos da EPA.

Para o seu cálculo utilízanse as seguintes referencias:

EUROSTAT: Average exit age from the labour force. Dispoñible na web

[http://epp.eurostat.ec.europa.eu/cache/ITY\\_SDDS/EN/lfsi\\_exi\\_a\\_esms.htm](http://epp.eurostat.ec.europa.eu/cache/ITY_SDDS/EN/lfsi_exi_a_esms.htm)

Wild, R. (2006): Estimating the Average Age of Withdrawal from the Labour Force. Pensions Analysis Unit. U.K. Office for National Statistics, 2006. Dispoñible na web

[http://www.statistics.gov.uk/downloads/theme\\_compendia/pensiontrends/EstAveAgeWithdrawalLabForce.pdf](http://www.statistics.gov.uk/downloads/theme_compendia/pensiontrends/EstAveAgeWithdrawalLabForce.pdf)

## **5. Poder e toma de decisións**

#### 5.1. Distribución dos representantes no parlamento autonómico segundo o xénero

Defínese, para cada xénero, como a porcentaxe de representantes no parlamento autonómico dese xénero sobre o total.

#### 5.2. Distribución dos conselleiros no goberno autonómico segundo o xénero

Defínese, para cada xénero, como a porcentaxe de conselleiros no goberno autonómico dese xénero sobre o total.

#### 5.3. Distribución dos alcaldes segundo o xénero

Defínese, para cada xénero, como a porcentaxe de alcaldes dese xénero sobre o total.

#### 5.4. Distribución dos concelleiros na administración local segundo o xénero

Defínese, para cada xénero, como a porcentaxe de concelleiros na administración local dese xénero sobre o total.

#### 5.5. Distribución dos presidentes das deputacións provinciais galegas segundo o xénero

Defínese, para cada xénero, como a porcentaxe de presidentes das deputacións provinciais galegas dese xénero sobre o total.

#### 5.6. Distribución dos líderes das empresas segundo o xénero

Defínese como a porcentaxe de poboación de cada xénero ocupada nas categorías 121 e 13 da Clasificación Nacional de Ocupacións sobre o total de poboación ocupada nesas categorías.

### **Fontes de información**

A fonte de información que se utiliza para os cinco primeiros indicadores deste apartado é a base de datos Mujeres en Cifras, do Instituto de la Mujer, composta por un conxunto de indicadores que reflicte a situación das mulleres nos distintos ámbitos da sociedade.

Esta información está publicada na páxina web do Instituto de la Mujer (<http://www.inmujer.es/>), no apartado de Estadísticas, en Poder y toma de decisiones.

Polo que respecta ao indicador 5.6, a fonte de información que se emprega para o seu cálculo é a EPA.

Os datos necesarios para o seu cálculo non están publicados polo que se obteñen a partir da aplicación informática desenvolvida no IGE, que permite a consulta dalgunhas das variables dos microdatos da EPA.

Para obter os datos necesarios para a elaboración do indicador hai que considerar as seguintes variables: Trimestre de referencia (CICLO), Sexo (SEXO1), Idade (EDAD1), Relación coa actividade económica (aoi), Ocupación principal (OCUP1) e Factor de elevación (FACTOREL).

Este último indicador publícase a partir de medias anuais desde o ano 1996.

## **6. Violencia de xénero**

### **6.1. Denuncias por violencia de xénero por millón de mulleres**

Defínese, para cada ano  $t$ , como o número de denuncias por violencia de xénero por millón de mulleres.

### **6.2. Vítimas mortais por violencia de xénero a mans da súa parella ou ex-parella por millón de mulleres**

Defínese, para cada ano  $t$ , como o número de mulleres mortas por violencia de xénero a mans da súa parella ou ex-parella por millón de mulleres.

## **Fontes de información**

As fontes de información empregadas para o cálculo dos indicadores 6.1 e 6.2 son:

- Para as denuncias e as vítimas mortais empréganse os datos anuais dos *Informes de Violencia de Género* elaborados pola *Delegación del Gobierno para la Violencia de Género* do *Ministerio de Igualdad*.
- Para as cifras da poboación de mulleres, que se empregan no cálculo das taxas, empréganse, para cada ano  $t$ , as cifras do *Padrón Municipal de Habitantes* a 1 de xaneiro do ano  $t$ .

O primeiro dos indicadores calcúlase desde o ano 2007 e o segundo desde o 1999.

## **7. Pobreza**

### **7.1. Taxa de risco de pobreza despois de transferencias sociais segundo o xénero**

Defínese como a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza.

O limiar do risco de pobreza defínese como o 60% da mediana dos ingresos equivalentes de todas as persoas galegas, tomando como ingreso equivalente de cada persoa o ingreso equivalente do fogar ao cal pertencen.

Este indicador está incluído nos indicadores estruturais de Eurostat, no apartado de “Social Cohesion”.

### **7.2. Taxa de risco de pobreza antes de transferencias sociais segundo o xénero**

Defínese do mesmo xeito que a taxa anterior (7.1), pero os ingresos equivalentes, a mediana e o limiar do risco de pobreza recálculanse sen contabilizar dentro dos ingresos dos fogares as transferencias sociais (prestacións contributivas e non contributivas, prestacións e subsidios por desemprego).

Este indicador está incluído nos indicadores estruturais de Eurostat, no apartado de “Social Cohesion”.

7.3. Taxa de risco de pobreza despois de transferencias sociais entre a poboación maior (65 anos e máis) segundo o xénero

Defínese como a porcentaxe de persoas de 65 anos e máis cun ingreso equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza.

7.4. Taxa de risco de pobreza despois de transferencias sociais en fogares formados por un adulto con polo menos un fillo dependente

Defínese como a porcentaxe de fogares formado por un adulto e polo menos un fillo dependente cun ingreso equivalente do fogar inferior ao limiar do risco de pobreza.

Os fillos dependentes inclúen dous grupos:

- menores de 16 anos
- fillos de 16 a 24 anos, que viven nun fogar no que polo menos un dos seus pais é membro e que son economicamente inactivos.

7.5. Incidencia do desemprego en adultos. Porcentaxe de persoas de 18 a 59 anos que viven en fogares onde ninguén traballa segundo o xénero

Defínese, para cada xénero *i*, como a porcentaxe de poboación do xénero *i* e do grupo de idade de 18 a 59 anos que viven en fogares onde ninguén traballa sobre o total de poboación dese xénero e grupo de idade.

Este indicador está incluído nos indicadores estruturais de Eurostat, no apartado de “Social Cohesion”.

### **Fontes de información**

A fonte de información dos indicadores 7.1, 7.2 e 7.3 e 7.4 é a Enquisa de condicións de vida das familias (ECVF), elaborada polo IGE.

No caso dos indicadores 7.1, e 7.3, publicarase directamente o dato da ECVF dispoñible na páxina web do IGE no apartado onde se difunden os resultados do Módulo xeral desta enquisa. Ambos os dous están dispoñibles desde o ano 2007.

Os indicadores 7.2 e 7.4 non están publicados e son subministrados directamente pola unidade do IGE responsable da ECVF.

O indicador 7.2. calcúlase desde o ano 2007 e o 7.4 desde o 2008.

O indicador 7.5 obtense a partir do ficheiro de microdatos da EPA que o INE proporciona ao IGE. Para o seu cálculo empréganse as seguintes variables:

- Ata o segundo trimestre de 2009 incluído: Trimestre de referencia (CICLO), Número de orde da vivenda (NVIVI), Número da persoa (NPERS), Idade (EDAD1), Sexo (SEXO1), Relación coa actividade económica (aoi) e Factor de elevación (FACTOREL).

- A partir do segundo trimestre de 2009:

Non hai a variable NVIVI. No seu lugar, para poder identificar cada vivenda cómpre considerar as seguintes variables:

Identificador numérico do trimestre ao que se refiren os datos (CICLO)

Provincia onde está situada a vivenda (PROV)

Código de sección 1 (Bloque): cupo de traballo no trimestre, consta de 13 seccións (unha por semana) (SECC1)

Código de sección 2 (Semana): indicativo da semana de referencia dentro do trimestre ao que se refire a información na sección (SECC2)

Código de sección 3 (Quenda de rotación): indicativo de cada un dos sextos na mostra total que se renova cada trimestre (SECC3)

Número da vivenda (trátase do número de orde da vivenda seleccionada na sección) (VIVI)

Se se trata da mostra ampliada ou non (GEOAMP)

Estrato ao que pertence a vivenda enquisada (ESTRATO)

As restantes variables serían as mesmas que as empregadas ata o segundo trimestre de 2009.

Publícase a partir de medias anuais, desde o ano 1996.

## **Difusión**

Os indicadores difundiránse na páxina web do IGE e distinguíranse dous niveis de difusión:

- Un primeiro nivel, no que se presentaría unha ficha resumo dos indicadores máis relevantes para unha análise rápida da perspectiva de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Un segundo nivel, no que se presentarían todos os indicadores, clasificados por área temática.

Cada indicador actualizarase cando estea dispoñible a información necesaria para o seu cálculo, polo que todos os indicadores actualizaranse de forma continua.

## **Bibliografía**

EUROPEAN HEALTH EXPECTANCY MONITORING UNIT (2007): Health Expectancy Calculation by the Sullivan Method: A Practical Guide. 3<sup>rd</sup> edition. Dispoñible na web [http://www.ehemu.eu/pdf/Sullivan\\_guide\\_final\\_jun2007.pdf](http://www.ehemu.eu/pdf/Sullivan_guide_final_jun2007.pdf)

EUROPEAN COMMISSION(2006): Communication from the Commission to the Council, the European Parliament, the European Economic and Social committee and the Committee of the Regions - A Roadmap for equality between women and men 2006-2010, COM(2006) 92 final

EUROPEAN COMMISSION (2009): Commission staff working document accompanying document to the Report from the Commission to the Council, the European Parliament, the European Economic and Social Committee and the Committee of the Regions: Equality between women and men 2010, SEC (2009) 1706 final

EUROPEAN COMMISSION (2010a): Communication from the Commission to the European Parliament, the Council, the European Economic and Social Committee and the Committee of the Regions - Strategy for equality between women and men 2010-2015, COM (2010) 491 final de 21.9.2010

EUROPEAN COMMISSION (2010b): Commission Staff Working Document accompanying document to the COM (2010) 491 - Actions to implement the Strategy for Equality between Women and Men 2010-2015, SEC (2010) 1079 de 21.9.2010

EUROPEAN COMMISSION (2010c): Commission Staff Working Document - Background document accompanying document to the COM (2010) 491, SEC (2010) 1080 de 21.9.2010

EUROPEAN COMMISSION (2010d): Report on equality between women and men 2010. Disponible na web <http://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=418&langId=en&pubId=447&type=2&furtherPubs=yes>

EUROSTAT (2003): Demographic statistics: Definitions and methods of collection in 31 European Countries (3/2003/E/n<sup>o</sup> 25). Disponible na web <http://ec.europa.eu/eurostat/ramon/statmanuals/files/KS-CC-03-005-EN.pdf>

EUROSTAT (2008): The life of women and men in Europe. A statistical portrait. 2008 edition. Disponible na web [http://epp.eurostat.ec.europa.eu/cache/ITY\\_OFFPUB/KS-80-07-135/EN/KS-80-07-135-EN.PDF](http://epp.eurostat.ec.europa.eu/cache/ITY_OFFPUB/KS-80-07-135/EN/KS-80-07-135-EN.PDF)

EUROSTAT: Healthy Life Years Expectancy disability-free life expectancy-DFLE Method. Disponible na web [http://epp.eurostat.ec.europa.eu/cache/ITY\\_SDDS/Annexes/hlth\\_hlye\\_esms\\_an1.pdf](http://epp.eurostat.ec.europa.eu/cache/ITY_SDDS/Annexes/hlth_hlye_esms_an1.pdf)

EUROSTAT: Average exit age from the labour force. Disponible na web [http://epp.eurostat.ec.europa.eu/cache/ITY\\_SDDS/EN/lfsi\\_exi\\_a\\_esms.htm](http://epp.eurostat.ec.europa.eu/cache/ITY_SDDS/EN/lfsi_exi_a_esms.htm)

G. Calot, J.-P. Sardon – EDO (2004): Methodology for the calculation of Eurostat's demographic indicators. Detailed report by the European Demographic Observatory (3/2003/F/ n<sup>o</sup> 26) [http://epp.eurostat.ec.europa.eu/cache/ITY\\_OFFPUB/KS-CC-04-004/EN/KS-CC-04-004-EN.PDF](http://epp.eurostat.ec.europa.eu/cache/ITY_OFFPUB/KS-CC-04-004/EN/KS-CC-04-004-EN.PDF)

INE: Correspondencia entre las estructuras de los niveles educativos utilizadas en la CINE-97 y la CNED-2000. Disponible na web [http://www.ine.es/clasifi/cned\\_cine\\_estudios\\_en\\_curso.htm](http://www.ine.es/clasifi/cned_cine_estudios_en_curso.htm)

NACIONES UNIDAS (1997): Handbook for Producing National Statistical Reports on Women and Men. Department of Economic and Social Information. Statistics Division. Disponible na web [http://unstats.un.org/unsd/demographic/products/indwm/Handbook\\_for\\_Producing\\_National\\_Statistical\\_Reports\\_on\\_Women\\_and\\_Men.pdf](http://unstats.un.org/unsd/demographic/products/indwm/Handbook_for_Producing_National_Statistical_Reports_on_Women_and_Men.pdf)

NACIONES UNIDAS (2010): The World's Women 2010. Trends and Statistics. Department of Economic and Social Affairs. Disponible na web [http://unstats.un.org/unsd/demographic/products/Worldswomen/WW\\_full%20report\\_color.pdf](http://unstats.un.org/unsd/demographic/products/Worldswomen/WW_full%20report_color.pdf)

SWEDISH PRESIDENCY OF THE COUNCIL OF EUROPEAN UNION (2009): Beijing + 15: The Platform for Action and the European Union. Report from the Swedish Presidency of the Council of the European Union. Disponible na web <http://ec.europa.eu/social/BlobServlet?docId=4336&langId=en>

Touriño Sánchez, Ana, Villar Cheda, Estefanía, Iglesias Patiño, Carlos L. (2010): "A perspectiva de xénero na planificación da actividade estatística na Comunidade Autónoma de Galicia", *Revista Galega de Economía*, Vol.19, Núm.2, pp.29-52

UNESCO (2006): CINE 1997. Clasificación Internacional Normalizada de la Educación. Disponible na web [http://www.uis.unesco.org/TEMPLATE/pdf/isced/ISCED\\_E.pdf](http://www.uis.unesco.org/TEMPLATE/pdf/isced/ISCED_E.pdf)

Wild, R. (2006): Estimating the Average Age of Withdrawal from the Labour Force. Pensions Analysis Unit. U.K. Office for National Statistics, 2006. Disponible na web [http://www.statistics.gov.uk/downloads/theme\\_compensia/pensiontrends/EstAveAgeWithdrawalLabForce.pdf](http://www.statistics.gov.uk/downloads/theme_compensia/pensiontrends/EstAveAgeWithdrawalLabForce.pdf)

XUNTA DE GALICIA (2007): AS=OS. V Plan do Goberno Galego para a igualdade entre mulleres e homes 2007-2010. Xunta de Galicia. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade